

ROMANÍA

■ Traballaba polas linguas minoritarias

Morre o editor de 'Szabadság', pertencente ó grupo Midas

O editor en xefe do xornal *Szabadság*, de Romanía, Áron Balló, faleceu o venres pasado, 7 de xullo nun accidente de tráfico preto da localidade de Satu-Mare. A morte sorprendeu a este xornalista, de 38 anos, cando volvía á casa logo de realizar unha reportaxe.

Todo o grupo Midas, ó que pertence GALICIA HOXE, e que agrupa os xornais europeos en linguas minoritarias expresou a súa dor pola perda deste xornalista, que se encontraba traballando na organización da reunión anual desta asociación de comunicación para o ano 2007.

A idea de Áron Balló era organizar a próxima conferencia do grupo Midas na súa localidade natal, Cluj, no Tirolo do Sur, obxectivo para o que xa comezara a obter subvencións e axudas. A súa viúva, M. Katalin Maksay, acaba de asegurar que vai seguir traballando para que esta reunión se celebre no lugar onde naceu o seu marido. Esa asemblea de Midas estará, dedicada á memoria deste xornalista. ● REDACCIÓN



Áron Balló, xornalista

TVG ■ 'A Entrevista' ofrece hoxe unha conversa con Santiago Carrillo, ex secretario do PCE e unha das figuras máis emblemáticas da historia de España ■ Carrillo repasará a historia coa súa memoria e falará de futuro

Dúas novas entregas de 'Pratos Combinados'

NX Conecta de Vigo, a party informática máis longa de España, será a protagonista do espazo matutino 'A Revista'

Redacción · Santiago

Esta noite a TVG ofrece dous capítulos da serie *Pratos Combinados*. Na primeira entrega, que leva por título 'Crema rexuvenecedora', Paula, a veciña cómplice das andainas de Miro e Antón, pretende mercar unha camisa cara que o pai, o avogado Barreiro, non está disposto a pagar porque prefire que a filla se centre máis nos estudos e teña menos paxaros na cabeza sobre a súa carreira artística.

Pola súa parte, o padre Nicanor anda moi cambiado e transporta un maletín co que vende cremas supostamente rexuvenecedoras; pero Antón decátase de que Nicanor está a ingresar moitos cartos ultimamente e descobre que as cremas que vende o párroco están feitas realmente con iogur. Para colmo de chascos, Paspallás ten un sobriño, Pedro, que é igualiño ca Miro, así que deciden facelo pasar por el... e a ver que pasa.

A continuación e baixo o título *O novo oficio de Nicanor*, Olimpia está que tolea por momentos coas facturas do bar, e concretamente contra Miro, porque este se dedica a agocharlle os papeis; mentres que desde outra óptica outras persoas semellan distintas, como lle ocorre ao padre Nicanor, que segue a experimentar co que pode



O político Santiago Carrillo estará hoxe na TVG

ría ser unha nova afección: pedir diñeiro.

Por outra banda, Nx Conecta de Vigo, a party informática máis longa de España será a protagonista hoxe do espazo da Televisión de Galicia *A Revista*.

Desde o campus universitario de Vigo, os espectadores galegos serán testemuñas de como o están a pasar algúns dos mil mozos, procedentes de distintos puntos España, que se achegaron ata a cidade olívica para estar oito días de lecer dixital ininterrompido e ter a posibilidade de gañar algún dos premios que se repartirán. Unha das

grandes novidades desta edición é o reto, un reality show no que, durante o tempo que dura Nx Conecta, oito concursantes convivirán nunha "casa", illados dos demais participantes.

Mentres *A Entrevista* ofrece hoxe unha conversa con Santiago Carrillo, ex secretario xeral do partido comunista de España (PCE) e unha das figuras máis emblemáticas da historia de España. Carrillo, un dos grandes protagonistas políticos da transición, repasará desde a súa memoria a historia e a súa actividade naqueles anos e tamén falará do presente. ●

HOMO ZAPPING

Allen é de segunda?



XABI SAN MARTÍN

Teño problemas de armario, o que hai dentro non quere saír e como me caducou o carné do videoclub, gravo e gravo programas e películas e non hai maneira de ter organizado ese invento dun xeito minimamente práctico, para ver o que queres xusto cando queres, de tal xeito que ás veces digo... ¡jimos ver que sae hoxe!

Unha das noticias do verán para os que gustamos do cine en pantalla grande e pequena está representada polo ciclo que La 2 lle dedica cada noite do mércores ó cineasta americano **Woody Allen** a iso das 22.30 horas. Hoxe toca a segunda entrega dun ciclo que ben podería ter un oco en La Primera. Indo por partes, Woody Allen é un deses directores que en Estados Unidos estrea as súas películas nunhas cantas dúcias de salas e pouco máis e, non obstante, en Europa, o que fai ten unha ampla lexión de seguidos.

A última peli de W. Allen tivo millón e medio de espectadores

res. O seu é deses casos nos que vas ó cine e atopas as butacas cheas de xente de moi diversa idade, se ben é certo que é raro atopar a alguén de catorce anos... e mellor para el, pois xa terá tempo de darlle voltas á cabeza con tramas que van máis alá de catro pelexas e un romance adolescente. Esa extensa franxa de público que acode a ver o cine do realizador de Nova York, fai pensar que unha canle de eco estatal como La Primera de Televisión Española (TVE) ben podería apostar por emitir esa retrospectiva, algo que non fai dende hai tempo... os ciclos de **Paco Martínez Soria** non contan.

A última película de Allen estreada en cines foi *Match Point* e tivo unha recadación no Estado de case oito millóns de euros, equivalente a ter máis dun millón e medio de espectadores, cifras que deixan claro que estamos ante alguén que pode ser prato televisivo de primeira. Con todo, tamén é certo que só TVE e algunhas canles autonómicas (TVG ás veces é tamén un bo exemplo) é capaz de apostar por proxectos como eses.

O dato do día: A proposta de Telecinco *Camera cafe*, que se emite logo do telexornal das nove da noite, tivo o luns pasado máis de tres millóns e medio de espectadores.

xabi@laganzua.net

ENTREVISTAS ■ Jesús Quintero recompila o mellor dos seus faladoiros con exemplos como Luz Casal, Charo López, Victoria Vera, Lola León ou Shakira

'El loco de la colina' déixase seducir por famosas mulleres

As mulleres toman a palabra no segundo programa especial que recompilou Jesús Quintero para unha nova edición de *La noche del loco*, que titulou precisamente 'Mujeres' e que se emitirá hoxe en TVE-1. Co particular punto de vista do entrevistador, tamén alcumado *El perro verde*, o espazo ofrecerá momentos para o recordo con personaxes como as actrices Charo López, Maribel Verdú, Victoria Vera ou tamén Victoria Abril, a cantante colombiana Shakira, a presentadora de televisión Lorena Verdún ou a reporteira Carmen Sarmiento.

Ademais, en 'Mujeres' inclúense as actuacións de Ana Torroja, Luz Casal e o dúo musical formado por Isabel Pantoja e José Mercé. Quintero quixo rodearse de boas historias e de mulleres ou, se cadra, de mulleres que teñen historias interesantes que contar.

Para iso, recuperou os mellores momentos das entrevistas que realizou a Ivonne Armant, Charo López, Victoria Vera, Laura Sánchez, Carmen Sarmiento, Loles León, Victoria Abril, Lorena Berdún, Susana Reche, Maribel Verdú e Shakira.

As actuacións musicais corre-

rán a cargo de tres mulleres cuxa exitosa carreira sobre os escenarios lles permitiu desenvolver o seu propio estilo e embarcar en proxectos musicais diversos. Ana Torroja interpretará *Hijo de la luna*, un dos temas máis coñecidos do grupo Mecano, unha historia de celos, morte e mito.

Ademais, Luz Casal encherá co timbre da súa voz rota o plató con *Piensa en mi*, un canto de amor, de dor e perda. Por último, Isabel Pantoja, acompañada polo cantaor José Mercé, interpretará a copla *Te querré mientras viva*. ● FAX PRESS



O presentador Jesús Quintero